



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. CONDESA DE FENOSA

Tif: 988.321.060. Fax: 988.325.969 E-mail: ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es

Rúa Coruña nº 24 – 32300. O BARCO DE VALDEORRAS

PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR CURSO 2008-2009

PLAN DE CONVIVENCIA

1. INTRODUCCIÓN

O presente **Plan de Convivencia Escolar**, realizado durante este curso, trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro en materia de convivencia, así como de establecer as normas que a regularán e de plasmar as actuacións que se levarán a cabo para cumprir os obxectivos do mesmo.

Un dos **puntos de partida** para a realización do plan é o **marco legal existente**, así como o **marco teórico** que leva implícito. As leis que desenvolven a convivencia escolar teñen unha visión preventiva, construtiva, positiva, comunitaria e integrada da mesma.

Ademais esta normativa recoñece o **papel decisivo que xoga a educación como motor que impulsa a cultura da paz**. A cultura da paz é aquela que incorpora unha serie de valores, comportamentos, actitudes, prácticas, sentimentos e crenzas que rexeitan a violencia e promoven o diálogo e a negociación como práctica a xeneralizar na xestión dos conflitos.

Outro dos puntos de partida na realización do plan son as **reflexións de todo o claustro sobre o modelo de convivencia do noso centro**.

O Equipo Directivo coordina o proceso de elaboración do plan. O profesorado traballa en pequenos grupos (ciclos) aportando as súas ideas. Estas reflexións plásmanse por escrito pola orientadora que recolle e articula todas elas dentro do Plan. Unha vez redactado van á Comisión de Coordinación Pedagóxica que, de novo, as transmite aos ciclos para corrixir e/ou engadir aqueles puntos que se consideren oportunos. Posteriormente dáse a coñecer no Consello Escolar e cólgase na páxina web do centro co fin de que toda a Comunidade Educativa poida facer unha reflexión sobre o mesmo. Finalmente redactase definitivamente.

Pór en práctica este plan supón a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver e adecuar a cultura da paz na nosa comunidade educativa. Para que o plan sexa realmente efectivo, debe ser **coñecido e asumido por todos e cada un dos compoñentes da nosa comunidade educativa**: alumnado, profesorado e familias.

A **finalidade** deste plan de convivencia será, polo tanto, promover e contribuír á consecución dun clima adecuado dentro da comunidade educativa e, especialmente do centro, que se caracterice polo respecto mutuo, o diálogo e a tolerancia.

O **Observatorio da Convivencia do Centro** será a estrutura de apoio permanente encamiñada a reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e a deseñar estratexias que fomenten a cultura de paz e a mellora do clima de convivencia escolar.

2. BASE LEGAL.

- Constitución Española: Artigo 27.2.
- Resolucións aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. Declaración e Programa de Acción sobre unha Cultura de Paz. (6-10-99).

- Lei 27/2005 do 30 de novembro de fomento á educación e cultura da paz (BOE 1 de decembro de 2005).
- Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación. (BOE de 4 de maio).
- Real Decreto 806/2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE. (BOE do 14 de xullo).
- Acordo inter institucional para a posta en marcha do Plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia. (30-01-2007)
- Decreto 85/2007 de 12 de abril polo que se crea o Observatorio Galego de Convivencia Escolar. (DOG 8 de maio de 2007).
- Instrucións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos Centros Educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia. (17-10-2007)

3. PRINCIPIOS DE INTERVENCIÓN

No noso centro entendemos a **convivencia escolar** como a interrelación entre as distintas persoas que compoñen a comunidade educativa. Esta interrelación ten lugar nun espazo determinado (escola) e atangue expresamente ás persoas que integran esta comunidade (alumnado, profesorado e familias) que constrúen as bases desa relación.

Estas bases terán como principais piares a comunicación, o respecto, a valoración da diversidade, a cooperación, a empatía, a asunción de compromisos e a tolerancia.

Aínda así a convivencia vai depender das distintas características dos membros que compoñen a comunidade, así como da forma de relacionarse que prevalece na mesma. O centro é un ente dinámico e cambiante, no que coexisten diversos grupos humanos, polo tanto, o clima de convivencia que se establece no mesmo tamén e cambiante. Este vai ser froito dun **proceso de construción colectiva e requirirá da implicación de todos os membros** da nosa comunidade.

Partimos da base de que convivir conleva en ocasións problemas e conflitos cos outros/as. É importante educar ao alumnado para facer fronte a estes conflitos promovendo actitudes de aceptación, respecto, diálogo e consenso. Implicarse na procura de solucións enriquece ás persoas e permite preparar ao alumnado para a vida adulta.

É importante actuar cara a prevención dos posibles problemas, tentando crear un clima que evite a aparición de todos aqueles episodios que poidan perturbala. Deste xeito a intervención non será só como reacción ante un posible conflito na convivencia, senón tamén procurará favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais que faciliten o feito de convivir cos demais.

Tentarase poñer todos os medios para identificar aquelas situacións que supoñan un problema e para fomentar unhas boas relacións interpersoais. Neste sentido é importante elaborar e clarificar as normas que nos van rexer. Neste proceso debe promoverse a participación e o consenso de toda a comunidade educativa.

Para xestionar a convivencia no centro tentaremos facelo desde un **modelo integrado**, é dicir, insertado no proceso de ensinanza-aprendizaxe e na cultura organizativa do centro. Pero a opción por este modelo non exclúe adoptar outros, como poden ser o **modelo sancionador** (baseado unicamente na aplicacións de sancións) e o **relacional** (baseado no diálogo e o consenso), dependendo da ocasión.

4. DESTINATARIOS

O Plan de Convivencia ten como destinatarios a **todos os membros da Comunidade Educativa**:

- * Alumnado
- * Profesorado
- * Familias

Para cada un deles especificaremos unha serie de obxectivos.

5. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E DO ENTORNO

O CEIP “Condessa de Fenosa” está situado na vila de O Barco de Valdeorras (Ourense). É un centro de 19 unidades, seis de infantil e 13 de primaria. Conta cun total de trinta e seis profesores/as, orientadora, un conserxe, dúas auxiliares técnicas educativas, catro cociñeiras, así como con dez nais coidadoras de comedor. O centro escolariza un total de 397 alumnos/as que se distribúen nos distintos niveis.

Consta de transporte para o alumnado procedente dos pobos de preto e de servizo de comedor. É centro de escolarización preferente para nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

O colexio comezou funcionar como tal sobre o ano 1975, cando se realizaron as agrupacións escolares. Durante estes anos sufriu distintas remodelacións que afectaron a súa organización e estrutura, principalmente na última década. O seu grao de conservación é aceptable. Hai que resaltar que é un centro cunha distribución peculiar dos espazos e que se queda pequeno para dar cabida a gran cantidade de alumnado que fai uso de el.

A estrutura organizativa do centro é a que marca a lexislación pertinente e está composta polos órganos unipersoais (Director, Xefe de estudos e Secretario), colexiados (Consello Escolar, Claustro de Profesorado, Comisión de Convivencia) e polos Órganos de coordinación docente (Departamento de Orientación, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Normalización Lingüística).

O centro conta cun profesorado moi dinámico, involucrado en distintos proxectos: plan mellora da biblioteca, Cursos de formación en centros para a realización do PCC, Programa de Acompañamento Escolar (PROA), Axenda 21, Plan LALO de Lingua e Cultura Portuguesa, Programa en colaboración co IES “Lauro Olmo” para facilitar a transición de EP a ESO, Programa de Educación Viaria en colaboración co Concello, Programa “5 al día”.

O equipo do profesorado é bastante estable, conta cunha gran parte de profesorado definitivo e o resto persoal provisional e interino que, en moitos casos, repite destino no centro. Este feito contribúe no clima de convivencia existente entre os distintos profesores/as do centro sen grandes conflitos.

A maioría da poboación escolar que recolle pertence a familias que encontran nas canteiras de lousa o principal medio de subsistencia, así como en actividades do sector terciario e profesións liberais. É frecuente que traballen ambos proxenitores. O prototipo dominante das familias do alumnado do centro ten unha estrutura convencional, aínda

que hai que resaltar a existencia, cada vez máis común, de familias mono-parentais. O nivel socioeconómico cultural é medio – baixo, aínda que hai un sector de proxenitores cun nivel de estudos superior. En xeral o ambiente familiar é estable, sen grandes conflitos, aínda que tamén hai un porcentaxe de familias cun grao de des-estruturación considerable. Estes feitos repercuten de xeito positivo e negativo, respectivamente, na marcha escolar.

A procedencia da poboación deste centro é orixinaria da vila, aínda que existe unha parte de alumnado que se asentou no pobo por mor do traballo da súa familia, aínda que pertencen a comunidade autónoma. Existe unha porcentaxe dun 10% de alumnado estranxeiro ou de ascendencia estranxeira procedentes de Romanía, Arxentina, Brasil, Eslovaquia, Colombia, Santo Domingo, Portugal...

En xeral as familias manteñen unha relación boa e fluída co colexio. Existe unha Asociación de pais moi participativa e colaborativa co Centro.

A vila na que se sitúa o centro conta cos servizos adecuados para satisfacer as principais necesidades da poboación: concello, sanidade, educación, servizos sociais, facenda, comunicacións, lecer e espectáculos.

6. SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO

A convivencia no centro está condicionada por unha serie de **factores externos** a este, pero de gran influencia. Entre eles podemos citar:

- **O contorno físico:**

- A distribución dos espazos do centro supón, ás veces, unha causa de conflitos. O colexio ten varios pisos e numerosas escaleiras que, en moitas ocasións, orixinan problemas xerados por un comportamento inadecuado, ao subir e baixar as mesmas, que favorece a falta de respecto.
- Ademais a distribución dos espazos do patio é susceptible de xerar conflitos. O tamaño das aulas, que son moi numerosas e teñen un espazo reducido, provoca tamén dificultades na convivencia.
- O uso dos espazos comúns é, en ocasións, fonte de problemas debido á falta de criterios comúns para a utilización dos mesmos.

- **O contorno social:**

- O colexio enclávase nunha zona de emigración na que conviven distintas culturas, o que implica, nalgúns casos, a mobilidade do alumnado, que comeza a medio curso ou non remata este no mesmo centro.
- Por outra banda, a expectativa de obter traballo nas canteiras da zona, unha vez superada a ensinanza obrigatoria, produce en certo sector de alumnos/as, que atopan nesa vía un xeito de canalizar a súa vida, unha des-motivación cara ao estudo.

- **O contorno cultural:**

- Constatamos unha falta de conciencia e coñecemento do contorno cultural existente. Ademais a oferta cultural nesta bisbarra é puntual e pouco sistemática.

En liñas xerais a situación actual da convivencia no noso centro é boa e satisfactoria. A relación con **outras institucións** do contorno, como por exemplo o Concello, é correcta.

O Concello organiza puntualmente actividades extra-escolares no contorno nas que participa o centro (Educación Viaria, Semana Verde...) así como outras actividades máis sistematizadas (Actividades deportivas e de ocio). Colabora tamén con Asociacións Culturais que atenden a nenos de orixe estranxeira: Vagalume, Cruz Vermella... Así mesmo del dependen os Servizos Sociais cos que existe unha estreita colaboración.

Ademais encárgase da limpeza e dos gastos de luz, de parte da calefacción e de mantemento do ascensor do centro. Tamén realiza actuacións de mellora e conservación do edificio.

A participación do Concello canalízase a través do seu representante no Consello Escolar de centro.

Existen varias asociacións no contorno coas que se establecen relacións de distinta índole: Fundación Arela, Asociacións Culturais...

A relación entre o **profesorado** e fluída e agradable, a pesar de que é un claustro moi numeroso.

A relación coas **familias** é en xeral bastante fluída. A maior parte dos pais implícanse moito e colaboran en gran maneira. Sen embargo, outro grupo, debido a distintas e variadas razóns, non colabora tan activamente nin se implica no proceso educativo do seu fillo/a.

Entre o **alumnado** non se observan serios problemas, aparecendo algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente co diálogo e con algunha medida disciplinaria de carácter menor.

Os **tipos de conflitos máis frecuentes** son:

• **Alumnado:**

- Comportamentos disruptivos na aula: levantarse sen permiso, falar cos compañeiros...
- Problemas no patio relacionados coa distribución dos espazos.
- Distracción e falta de atención.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento da clase.
- Perda de respecto entre iguais, e perda do respecto ao profesor durante o período lectivo.
- Excesiva competitividade.
- Desobediencia ás ordes educativas do profesor.
- Baixo grao de aceptación do "diferente".

• **Profesorado:**

- Mobilidade do profesorado o que inflúe na asunción de determinados compromisos tomados polo claustro. Doutra banda esta mobilidade é enriquecedora, pois aporta novos puntos de vista.
- Unicidade de criterios. Cumprimento desigual dos criterios adoptados.

• **Familias:**

- Tendencia a xustificar aos fillos/as con respecto ao incumprimento das normas
- Pequenos conflitos xerados por diversidade de opinión en canto ao tratamento dun tema ou porque as queixas das familias non seguen as canles adecuadas.

7. EXPERIENCIAS E TRABALLOS PREVIOS RELACIONADOS COA CONVIVENCIA NO CENTRO:

A **formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos da convivencia** é o eixe fundamental sobre o que xira o proxecto educativo do noso centro, con todo o que iso implica.

As actividades que se veñen realizando neste centro no tema da convivencia están en relación directa ou indirecta coa mesma. A continuación ofrécese un resumo das medidas e actividades levadas a cabo que pensamos que favorecen a convivencia escolar.

- **Alumnado:**

Posta en práctica do **Plan de acollida** ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa familia do alumnado novo.

Participación na **elaboración das normas da aula. Difusión** e coñecemento das normas.

Participación nas festas, saídas, excursións, teatro, convivencias... Nestas actividades, nas que a convivencia é a tempo completo, é onde principalmente se pode fomentar o valor do respecto cara aos demais.

- **Profesorado:**

Metodoloxía: traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores...

Difusión das normas entre o alumnado e **debate** das mesmas.

Difusión dos dereitos e deberes do alumnado.

Reunións coas familias co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información...

Convivencia co alumnado en contextos distinto ao escolar: festas, saídas, excursións, convivencias, festivais e celebracións...

- **Centro:**

Organización de actividades para a **acollida do novo profesorado** desde o equipo directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.

Difusión das normas de convivencia e revisión cada curso das mesmas, procurando actualizalas ás novas situacións.

Elaboración e difusión dos distintos documentos: PEC, PAT, PAD, POE, Plan de Acollida... Por este motivo os documentos do centro cólganse na páxina web do centro.

Organización de **actividades lúdicas de convivencia do profesorado.**

Fomento da **apertura do centro** nas actividades máis sinaladas.

Reserva de espazos e tempos para a comunicación entre familia e equipos docentes.

- **Actividades máis puntuais:**

Carné por puntos

As patrulla verdes.

Axenda 21. A reciclaxe selectiva.

O horto aromático.

A lectura silenciosa.

A Olimpíada do Saber.

As festas: Nadal, Día da Paz, Entroido....

8. DETECCIÓN DE NECESIDADES

- Necesidades de formación relacionadas con **negociación, mediación e xestión en conflitos**. Sen embargo consideramos que a formación debe estar **dirixida a todos os compoñentes da comunidade educativa**: familias, alumnado e profesorado.

9. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS XERAIS

- Fomentar a convivencia no Centro e entre os membros da Comunidade Educativa.
- Contribuír á información e sensibilización da Comunidade Educativa sobre a importancia dunha boa convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala.
- Desenvolver estratexias para a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.
- Potenciar a consecución da non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Prover á comunidade educativa de recursos para a prevención e xestión de conflitos.

OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO

- Conseguir un entorno educativo adecuado para o proceso de aprendizaxe.
- Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia escolar.
- Preparar ao alumnado para a vida futura.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir unha educación nos valores democráticos.
- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a mellora das habilidades sociais que lles permitan comprender os diferentes puntos de vista e convivir en sociedade, fomentando o diálogo e a comunicación.

- Programar e desenvolver actividades encamiñadas a conseguir a adquisición de responsabilidades por parte do alumnado.
- Fomentar e velar polo cumprimento das normas.
- Coñecer a cualificación das condutas que perturban a convivencia e os tipos e medidas de corrección.
- Previr, detectar, tratar e realizar un seguimento daquelas as manifestacións de violencia e acoso que se poidan producir no centro.
- Posuír a información sobre o protocolo a seguir e as posibilidades de actuación ante un conflito.
- Manter unha liña común na prevención, tratamento e resolución de conflitos.
- Conseguir a formación necesaria para afrontar debidamente a prevención e resolución de conflitos.
- Mediar na resolución pacífica dos conflitos e utilízalos como fonte de aprendizaxe
- Coñecer os deberes e dereitos de cada sector da comunidade educativa.
- Inculcar ao alumnado e ás familias que o desenvolvemento dos dereitos vai acompañado do cumprimento dos deberes cara aos demais.

OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO

- Adquirir os valores de tolerancia, respecto e actitude de diálogo como xeradores dunha boa convivencia.
- Aceptar as diferencias e valoralas como algo positivo e enriquecedor, evitando calquera tipo de discriminación.
- Asumir o compromiso coas normas de convivencia do centro.
- Aprender a utilizar estratexias para resolver conflitos xerados no entorno escolar de xeito pacífico.
- Implicarse na procura de solucións aos posibles conflitos.
- Manifestar unha actitude de responsabilidade e respecto no uso e coidado do seu entorno, así como no uso e coidado do material e das instalacións.
- Manifestar actitudes de respecto, colaboración e solidariedade cara aos demais.
- Facer un uso positivo da linguaxe, libre de violencia e prexuizos.
- Adquirir e utilizar habilidades sociais que lles permitan poñerse no lugar dos demais, defender as súas posturas e convivir en paz.
- Coñecer os seus dereitos e deberes.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.

OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS

- Implicarse no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Colaborar activamente co profesorado para conseguir un mellor desenvolvemento do proceso educativo dos seus fillos/as.
- Participar e colaborar co centro educativo nas medidas de prevención e corrección das posibles condutas perturbadoras da convivencia.
- Coñecer os dereitos e deberes dos seus fillos/as como membros da comunidade educativa.
- Coñecer cales son as condutas que perturban a convivencia, así como os tipos e medidas de corrección.
- Participar no desenvolvemento da convivencia no centro a través dos distintos organismos: Consello Escolar, Ampa, Observatorio da Convivencia...
- Asesorarse sobre como actuar adecuadamente ante un conflito ou para poder previr os mesmos.

10. ACCIÓNS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

- Actuacións preventivas.
- Actividades para a integración e participación do alumnado.
- Actividades que favorezan a relación de familia e centro.
- Actividades de sensibilización fronte ao acoso.
- Actividades de sensibilización da comunidade educativa en igualdade entre homes e mulleres.
- Actuacións conxuntas de órganos de goberno, de coordinación docente e dos distintos equipos docentes e a orientadora.
- Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de novo ingreso.
- Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou de calquera outro tipo.

11. A COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Co fin de **coordinar e avaliar as actividades propostas neste plan**, é necesaria a creación dunha estrutura que teña como prioridade esa función.

A Comisión de convivencia do centro é un **órgano colexiado** que ten como obxectivo fundamental reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima da convivencia escolar

Será quen dinamice, revise e actualice o Plan de Convivencia, escoitando e recollendo todas as iniciativas e suxestións de todos os sectores da Comunidade Educativa.

Composición da Comisión de Convivencia

- O **director** do centro, que presidirá.
- O **xefe de estudos**.
- De un a catro **representantes do profesorado**, incluída a persoa responsable da mediación escolar.
- A **orientadora** do centro
- Unha persoa **representante do alumnado**.
- Unha persoa **representante das familias**.
- A persoa encargada dos programas de **coeducación**.
- Unha persoa representante do **persoal non docente**.
- **Profesorado titor** relacionado co tema a tratar en cada sesión.
- **Profesionais do concello** (Educación, Sanidade, Servizos Sociais...) implicados na mellora da convivencia.

Competencias da Comisión de convivencia

- Velar porque exista un ambiente de convivencia, disciplina e respecto no Centro.
- Estudar con urxencia os problemas que puidesen producirse.
- Adoptar medidas correctoras ou sancionadoras en casos graves.
- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

Periodicidade das reunións

- A Comisión de Convivencia reunirse, **cada vez que sexa necesario** por temas disciplinarios e polo menos **unha vez ao trimestre**. Elaborará un informe que debe recoller as incidencias producidas no período, as actuacións levadas a cabo e os resultados conseguidos e presentaraos ao Consello Escolar.

12. NORMAS DE CONVIVENCIA

Para poder levar a cabo o labor docente con éxito, é necesaria a existencia dunhas normas que fomenten un clima que favoreza o proceso de aprendizaxe. Para que se dean esas condicións faise necesaria a existencia dunhas normas, recollidas no **Regulamento de Réxime Interno**.

As normas deste centro teñen unha **redacción en positivo**, en vez de enumerar prohibicións, recollen o que hai que facer. Tentan ser **eficaces, claras e realistas**.

Na súa realización, fomentárase a **participación de todos os membros** da comunidade escolar, buscando o **consenso e o compromiso** na toma de decisións.

Cada norma irá acompañada da súa corrección en caso de infracción. É importante

que quen sexa sancionado coñeza de antemán a **vinculación entre a infracción da norma e a consecuencia da mesma.**

13. NORMAS XERAIS DO CENTRO

As normas xerais do centro teñen como **referente** os seguintes aspectos:

- **Asistencia e puntualidade**
- Respecto a **integridade física e a dignidade** da persoa.
- **Respecto e adecuada utilización dos bens** que forman a Comunidade Educativa: edificio, mobiliario, instalacións, material de Centro, material persoal...
- **Respecto á reserva de acceso a determinadas zonas** do Centro: sala de computadores, aulas en tempo de patio...
- Mantemento dunha **actitude correcta na clase.**
- **Tolerancia** ante a diversidade, respectando as características e as diferenzas de cada persoa.
- **Corrección no trato social**, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e o seguimento das regras básicas de urbanidade.
- Interese por desenvolver o propio traballo con responsabilidade.
- **Respecto polo traballo** de todos os membros da Comunidade Educativa.
- Coidado no **aseo e imaxe persoal** e a observación das normas do Centro sobre esta materia.
- En xeral, o cumprimento dos deberes que se sinalan na lexislación vixente, no presente plan e o R.R.I

14. RELACIÓN DE FALTAS E CATALOGACIÓN

As faltas cometidas por un alumno/a catalogaranse en **leves e graves**. Todo o profesorado do centro estará involucrado no mantemento dun bo clima de convivencia, e no cumprimento das Normas de Conduta establecidas. Polo tanto, **calquera profesor/a testemuña dunha infracción as devanditas normas, cando teña a consideración de leve, está facultado para impor a sanción correspondente**, segundo establece o Regulamento de Réxime Interno. Se ten consideración de grave, o poñerá en coñecemento do Equipo Directivo e do titor/a, que tomará as medidas pertinentes.

Na adopción das sancións seguiranse os criterios que se indican nas medidas correctoras.

Hai que ter en conta que a **imposición de sancións** terá **finalidade e carácter educativo** en orde a conseguir a mellora da convivencia no centro.

Non se prohibirá a ningún alumno/a o seu dereito á educación. Non se imporán correccións contrarias á dignidade e integridade física. Teranse en conta a idade, situación e circunstancias persoais, familiares e sociais dos alumno/as. As sancións serán proporcionais á natureza e gravidade das faltas e deberán contribuír á mellora da convivencia.

- **Faltas leves**

Son faltas leves aquelas infraccións ás normas de conduta establecidas no regulamento de réxime Interno que, pola súa importancia, non teñan a consideración de falta grave.

- Faltas inxustificadas de **puntualidade**.
- Faltas inxustificadas de **asistencia** a clase, que se son reiteradas convértense en graves.
- **Perturbacións** no desenvolvemento habitual das actividades do aula.
- Correr polos corredores, gritar, ...
- **Falta de colaboración sistemática** do alumnado na realización das actividades orientadas ao desenvolvemento do currículo.
- As **condutas que poidan impedir** ou dificultar o **exercicio do dereito de estudar** polos seus compañeiros.
- A **incorrección e desconsideración** no trato cara aos outros membros da comunidade educativa.
- Causar **pequenos danos nas instalacións**, recursos materiais ou documentos do centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa.
- Usar material ou acceder a certas áreas do centro sen supervisión do profesorado.

As **medidas correspondentes a sancionar ás faltas leves** son:

- **Amoestación oral e privada** do profesor-titor/a co fin de intentar corrixila.
- **Entrevista cos pais/nais do alumno/a** en cuestión, senón surtise efecto a primeira medida.
- **Realización de traballos**, en horario non lectivo ou de descanso, que conciencien ao alumno/a da súa falta cometida e que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, así como a reparar o dano causado se ese fose o caso.
- **Perda de puntos do carné.**

- **Faltas graves**

Cualifícanse como faltas graves as seguintes:

- As **faltas reiteradas de puntualidade e/ou de asistencia** que non estean debidamente xustificadas.
- A **reiteración de calquera falta leve**.
- A **deterioración grave das instalacións**, recursos materiais ou documentos do centro, ou nas pertenzas dos demais membros da comunidade educativa, así como a subtracción das mesmas.
- Os **actos de incorrección, desconsideración, insulto ou ofensa** contra o profesorado ou outros membros da Comunidade Educativa.
- Os **actos de indisciplina**, que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro.
- A **agresión física** contra calquera membro da comunidade educativa.
- As **vexacións ou humillacións** contra calquera membro da comunidade educativa,

particularmente se teñen unha compoñente sexual, racial ou xenófoba, ou se realizan contra alumnos ou alumnas con necesidades educativas especiais.

- As **ameazas ou coaccións** contra calquera membro da comunidade educativa

As **medidas correspondentes a sancionar ás faltas graves** son:

- **Amoestación oral e privada** do profesor-titor/a co fin de intentar corríxila e de que o alumno/a reflexione sobre os seus actos e as súas consecuencias.
- Porase en **coñecemento do equipo Directivo**, comparecencia inmediata ante o Xefe de Estudos ou o Director, privación do tempo de recreo ou calquera outra medida similar de aplicación inmediata.
- Porase en **coñecemento dos seus pais e do Claustro de Profesores**.
- Se procede, elevarase á **Comisión de Convivencia** para que esta adopte as medidas oportunas.
- Con respecto á deterioración ou á subtracción de obxectos, o alumno/a implicado deberá **repor o obxecto deteriorado ou subtraído, previo coñecemento dos pais**.
- **Realización de tarefas** fóra do horario lectivo que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro, así como a reparar o dano causado nas instalacións, recursos materiais ou documentos dos centros docentes públicos.
- **Perda de puntos do carné**.
- **Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extra-escolares** do centro.
- **Suspensión do dereito de asistencia a clase**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- **Suspensión do dereito de asistencia ao centro** durante un período de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar as actividades formativas que se determinen para evitar a interrupción do seu proceso formativo

15. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Medidas de prevención

- **Desenvolvemento e difusión do Plan de Convivencia** a toda a Comunidade Educativa.
- **Debate e discusión das normas de Convivencia** cada curso escolar entre o profesorado do Claustro.
- **Coñecemento profundo das normas e das consecuencias de non cumprir as mesmas**.
- **Unificar criterios de intervención**.
- **Comunicación aos pais** de cada titoría de devanditas normas.
- **Fomento da participación das familias**, incremento das reunións xerais e

individuais. Debate e difusión do Plan de Convivencia do centro entre as familias.

- **Unicidade de criterios entre familia e escola.** (Contrato coas familias).
- Programar un tempo para o **traballo nas titorías** dos seguintes aspectos:
- Debate e discusión das **normas**.
- Por en práctica a **assemblea de aula** como estratexia de revisión de funcionamento das normas no grupo
- Celebración do **Día da Constitución** co fin de resaltar a importancia deste proceso como exercicio de democracia e participación.
- Fomentar a **asunción de compromisos** en canto as normas consensuadas
- **Elaboración en cada clase das normas** que van rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro.
- **Coñecemento das consecuencias da transgresións da norma.**
- O **“termómetro”**. Estratexia para que o profesorado supervise o cumprimento das normas. Premios para os grupos que alcancen maior puntuación no cumprimento das normas.
- **“A norma do mes”**. Seleccionar de cando en vez unha norma a destacar especialmente. Traballala con espacial dedicación.
- Fomentar os **valores democráticos**: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.
- Programas de **habilidades sociais e intelixencia emocional**.
- **Sensibilizar ao alumnado ante os malos tratos, acoso e intimidación entre iguais**: en qué consisten, como se manifestan, que podemos facer si o sufrimos, que podemos facer si vemos que un compañeiro/a acosa a outro...
- Fomentar un **trato persoal correcto** entre os distintos membros da comunidade educativa
- Establecer unhas **regras contra o acoso**: non debemos tratar a ninguén de forma violenta e invitaremos a participar aos compañeiros/as que queden sós nos nosos xogos.
- Falar na titoría, sempre que se considere oportuno, da marcha da convivencia e de todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo e da clase.
- Pasar **cuestionarios de detección de acoso** na clase.
- **Formar á comunidade**: familias, profesorado e alumnado , en temas relacionados coa convivencia.
- Evitar situacións que provoquen comportamentos inadecuados: diminución do nivel de ruído, distribución axeitada de espazos...
- Fomentar a asunción de **compromisos cara o coidado do medio**.
- Poñer en práctica o **PAT e o PAD**.
- Poñer en práctica os **protocolos** para atallar as incidencias dos alumnos/as que presenten alteracións de comportamento.
- Participación en **actividades extra-escolares**.

- Procedementos específicos de actuación

• Protocolos en caso de conflito:

Ante calquera **conflito leve** que xurda será o **propio profesorado titor e especialista** o que o resolva mediante o diálogo e a negociación cos seus alumnos/as das normas que han rexer a boa marcha da clase.

En caso de incumprimento da norma falarase co alumno/a individualmente e axudaráselle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.

Segundo a gravidade da falta haberá unha **amoestación verbal ou unha sanción**. Ademais, se é unha situación de pelexa ou insulto, o alumnado implicado fará as paces e pedirase disculpas.

Informarase ás familias permanentemente dos conflitos, ben no momento que xordan ou ben nas frecuentes entrevistas cos titores/as. Falarase con elas e tentarase buscar unha solución á situación e de seguir uns criterios comúns de actuación.

O **Equipo Directivo** apoiará este labor reforzando as medidas disciplinarias aplicadas polos profesorado.

Ante calquera **conflito ou problema de relevancia**, a actuación debe seguir o seguinte procedemento:

• Actuacións iniciais:

Falarase co alumno/a ou cos implicados. Intentarase que se aclaren as cousas. **Comunicaráselle a situación ao Equipo Directivo**, que debe coñecer a conduta disruptiva detectada.

Informarase á familia: Porase en coñecemento da familia do alumno/a a situación, tamén se lle informará da medida disciplinaria que se lle imporá ao alumno/a, de tal forma de que este perciba de que a súa familia e o colexio están de acordo.

No caso de que as alteracións sexan continuadas e /ou graves tamén porase en coñecemento da **orientadora**, que iniciará unha recollida de información para analizar as causas de devandita conduta: posibles disfuncións no proceso de ensino/aprendizaxe, situacións de tipo familiar, socio-ambiental, déficit ou patoloxía psíquica...

Decidirase entre o profesorado titor, equipo directivo e a orientadora o tipo de medida correctiva a aplicar, que estará recollida no Regulamento de Réxime Interno ou neste plan. Ademais informarase da situación ao resto da **Comisión de Convivencia**.

No caso de que os desordes comportamentais sexan continuados comunicarase a situación a outros organismos e servizos (Centro de Saúde, Servizos Sociais, Equipo de orientación Específico...) de acordo ás características da alteración.

Todas estas actuacións quedarán recollidas nun **informe** (Anexos) elaborado polo profesorado titor en colaboración coa orientadora.

Posteriormente seguirase coas actuacións posteriores, se procede.

• Actuacións posteriores:

Se o comportamento problemático o require, levarase a cabo unha **avaliación** co obxectivo de **determinar a conduta problemática** e as **causas** que a provocan, analizando os acontecementos que a preceden e as consecuencias de devanditas condutas.

Avaliarase:

- O **alumno/a** de forma individual.
- O **centro docente:** alumnado, profesorado e persoas que estean relacionadas coa

conduta disruptiva. Estudaranse tamén outros aspectos como a organización da clase, do centro, actuación do profesorado, agrupamento e motivación do alumno/a, se a disfunción é debida a problemas de aprendizaxe...

- A **familia do alumno/a**: Manteranse reunións para solicitar información cos organismos e servizos sociais nos casos en que a alteración puidera ter algunha relación coa relación e/ou ambiente familiar.

Programarase un **plan de actuación** para o alumno/a por parte da orientadora e o profesorado titor do alumno/a e será presentado aos demais membros do claustro que estean en relación co alumno/a.

Segundo o caso o plan de actuación deberá incluír os aspectos seguintes: obxectivos, actuación individual co alumno/a, selección de técnicas que se poden aplicar co alumno/a, medidas adoptadas en relación co comportamento disruptivo na aula, organización e dinámica da clase, interacción profesor/alumno, localización espacial na aula, aceptación ou rexeitamento do alumno por parte dos seus compañeiros/as, temporalización.

Incluiranse medidas de apoio escolar en caso de ser necesario.

En relación co ámbito familiar: Co fin de manter unha liña de actuación común e aumentar deste xeito a eficacia da actuación estableceranse unha serie de reunións coa familia do alumno/a, nas que se lles explicará en que consiste a actuación programada, daráselles orientacións de actuación e irase a avaliando a eficacia de devandita actuación.

En relación con outros ámbitos: estableceranse medidas para asegurar a información e coordinación con outros organismos (Servizos educativos, sanitarios e/ou sociais) que teñan relación co alumno/a.

- **Protocolo ante posibles situacións de intimidación, maltrato ou acoso**

No caso de que calquera membro da comunidade educativa (familia, alumnado, profesorado ou outro persoal do centro), detectase a sospeita ou teña constancia dalgún caso de intimidación, acoso, agresión ou faltas moi graves entre alumnos/as debe activar este protocolo de actuación, poñéndoo en coñecemento do titor/a do alumno/a, do equipo directivo e da orientadora.

É conveniente crear canles que faciliten a comunicación do mesmo: comisión de convivencia, orientadora..., evitando o medo a sufrir represalias.

O protocolo inclúe os seguintes **pasos**:

1. Comunicación da situación ao director do centro

Comunicar a situación observada ao equipo directivo e ao titor/a, no caso de que non a coñezan aínda. Con este fin, cubrirase o Modelo de Rexistro (Anexo), solicitando o inicio de actuación ante posible acoso entre iguais. A demanda de intervención será dirixida ao director do centro.

2. Comunicación á familia

O director valorará, segundo a situación, a conveniencia de informar ás familias dos implicados, posto que neste primeiro momento trátase dunha sospeita. Para evitar actitudes alarmistas cremos conveniente recabar máis información que confirme ou non o acoso.

3. Recollida de información

O xefe de estudos coordinará a recollida de información, xunto co titor/a e o profesorado implicado e a orientadora. Todos eles completarán e contrastarán a información confidencial recibida. Os titores e a orientadora recadarán a información entre

os alumnos/as, o xefe de estudos, a orientadora e os titores/as recadarán a información entre as familias.

4. Fontes de información

Subliñamos a necesidade de contrastar a información de diversas fontes, garantindo a confidencialidade: Titores/as dos alumnos implicados, profesorado, familias, alumnado implicado (posible vítima, agresor ou agresores e espectadores), persoal laboral.

5. Instrumentos

- Fichas de detección de acoso, cuestionarios e escalas.
- Observación sistemática. Neste momento convén observar con especial atención as zonas de risco.
- Entrevistas individuais: co alumnado implicado (suposta vítima, agresor/es e espectadores), titores, familias e círculos amistosos. Permite coñecer outros factores familiares e sociais que poidan condicionar o conflito.

6. Análise da información: valoración inicial da situación

Analizarase a información obtida en reunións de reflexión entre os responsables do centro. Recollerase nun informe escrito tanto as actuacións como as valoracións ás que dean lugar. O director incorpórase ao equipo de recollida de información para participar na análise e valoración.

Realizarase unha reunión con titores, orientadora, profesorado implicado e xefe de estudos na que se poñerá en común e se contrastará a información obtida a través da distintas fontes. A partir das súas conclusións elaborarse un prognóstico inicial da situación, que será comunicado de forma inmediata ao director do centro.

Terá lugar unha segunda reunión co director do centro, xefe de estudos, titores/as e orientadora. Nesta reunión analizarase a información recollida e farase unha valoración inicial da situación, determinando se hai indicios suficientes para confirmar ou non a existencia de acoso entre iguais, así como a gravidade da situación.

Segundo a gravidade do caso é conveniente que, co fin de orientar e asesorar ao centro, se contacte coa Inspección Educativa, que poderá asistir á reunión si o considera oportuno.

7. Elaboración dun informe escrito

Nel figurará o resumo das actuacións realizadas e a xustificación da confirmación ou non de acoso. A tal efecto cubrirase o modelo de informe de acoso (Anexo). O responsable da elaboración deste informe será o xefe de estudos do centro.

- **Non se confirma acoso entre iguais:** Se, unha vez analizada toda a información obtida, non se confirma a existencia de acoso entre iguais, pode ser o momento oportuno para revisar as medidas de prevención e sensibilización que, de forma ordinaria, se deben levar a cabo nos centros educativos. Se houbo comunicación previa á familia da sospeita de acoso, deberá comunicárselle que non se confirma tal sospeita.

- **Confírmase o acoso entre iguais:** A confirmación de acoso leva consigo a adopción de varias medidas de carácter inmediato. Por unha banda, hai que valorar a necesidade de comunicar a situación a outras institucións, e por outra, poñer en marcha, de forma inmediata, medidas urxentes, entre as que deben contemplarse as medidas disciplinarias.

Unha vez confirmada a situación de acoso, informarase ás familias, ao Servizo de

Inspección Educativa, ao titor/a, ao equipo docente e a outros profesores/as relacionados cos alumnos/as implicados (e que non estivesen ao corrente da situación). Tratarase de evitar sementar alarma no centro e de ofrecer unha información veraz.

8. Aplicación de medidas disciplinarias. Cando a situación resólvese no centro educativo, a resposta ao mesmo derivase da aplicación do Regulamento de Réxime Interno.

9. Comunicación da situación a outras institucións

Se a situación de acoso deriva en situacións agresivas e violentas que transcendan a competencia educativa, ou sei os órganos competentes do centro senten que non poden abordar o problema (declaracións contraditorias, negación do problema por unha das partes, bloqueo da situación), é necesario solicitar axuda externa e pólo en coñecemento dos servizos competentes: Policía Local, Garda Civil, Servizos Sociais, Fiscalía de Menores que, en último caso, será a responsable de dirixir a investigación para coñecer mellor as circunstancias do suceso, e tomar a decisión acerca da necesidade de apertura ou non de expediente.

Tanto se a situación de especial gravidade resólvese dentro ou fóra do centro, os axentes implicados que deben coñecer a situación son: Consello Escolar, Comisión de Convivencia, Inspección Educativa, familias e alumnos/as implicados.

10. Medidas urxentes ante unha situación de acoso

• Vítima. Medidas Urxentes

Desde un primeiro momento de garantirse a protección e apoio da vítima. As actuacións de apoio e protección serán directa ou indirectas. Activaranse os medios para que non se produzan novas agresións e vixiaranse de cerca os achegamentos do agresor/a cara a ela. Revisaranse urxentemente a utilización de espazos e tempos do centro e se establecerán as medidas oportunas de prevención. Si se teme con certeza que a integridade física da vítima poida estar ameazada e que poida ocorrer unha agresión fóra do centro, é conveniente pór sobre aviso ás familias e aos axentes de seguridade.

Hai que ter en conta que a vítima é un alumno/a atemorizado que seguramente recibiu ameazas de máis agresións se conta o que lle ocorre, polo que calquera intervención debe realizarse coa maior discreción. Realizarase unha entrevista para saber o alcance do acoso e o dano que lle puido ocasionar. O entrevistador debería ser a persoa que lle mereza maior confianza. Ademais nela propoñerémoslle actividades para afrontar conflitos e defender os seus dereitos. Ao longo da entrevista hai que ter moito coidado de non provocarlle sentimentos de incapacidade nin culpabilidade.

• Agresor. Medidas Urxentes

Cando o acoso se confirma hai que falar inmediatamente co agresor ou agresores. Desde o centro educativo enviaráselle unha mensaxe clara e contundente: tolerancia cero á violencia e ao acoso. Aplicaranse as medidas recollidas no R.R.I. e Plan de Convivencia a tal efecto.

Segundo o caso derivarase aos servizos externos (sociais, sanitarios, xudiciais...)

Ademais realizarase unha entrevista ao agresor/es. Se son varios, é aconsellable entrevistarlles por separado, sen que medie tempo e evitando a comunicación entre eles. O primeiro obxectivo é que deixen de intimidar. Deixarlle claro que está incumprindo o regulamento do centro de forma grave e que o seu comportamento é motivo de sanción ou de denuncia. Ao alumno e á súa familia informaráselles en todo momento das actuacións realizadas (se o feito foi motivo de denuncia á fiscalía ou outras institucións). O

agresor normalmente negará os feitos, quitaralles importancia e presentará á vítima como provocadora da situación.

A entrevista analizará as repercusións na vítima e as posibles causas que provocan o comportamento do agresor: falta de habilidades sociais, contorno autoritario, etc. Ofreceráse a axuda necesaria para mellorar o seu comportamento a través do compromiso de cambio, intentando evitar os métodos coercitivos. Ao proporlle as actuacións para a intervención, adoita dar bo resultado preguntarlle que medidas propón el mesmo. Se hai varios agresores, logo de falar con cada un deles, é conveniente reunilos en grupo para comunicarlles que non se tolerará ningunha agresión máis e que se aplicarán sancións oportunas. Para o profesorado será máis fácil chegar a acordos cos agresores se previamente puxéronse en práctica no aula normas para favorecer a convivencia e para previr o acoso. O plan de intervención pode incluír o compromiso de cambio a través dun contrato polo cal o agresor ou agresores comprometeranse a participar en actividades e estratexias para mellorar as súas habilidades.

- **Centro educativo. Medidas Urxentes**

Desde a confirmación do acoso e durante todo o tempo que dure a intervención hai que extremar a vixilancia dos lugares de risco. A presenza de adultos reduce as situacións de abuso. Son posibles zonas de risco: a entrada e saída do colexio, o comedor e os recreos, os baños e vestiarios, a aula, as saídas extra-escolares.

- **Aula. Medidas Urxentes**

Realizaranse actuacións dirixidas á sensibilización e o apoio entre compañeiros/as dentro da acción tutorial de aula. Informarase aos alumnos/as sobre a súa existencia. Describírase o fenómeno e identificarase as vítimas, agresores e espectadores. Se antes non se traballou cos alumnos/as o tema do acoso entre iguais, é un bo momento para comezar. O obxectivo fundamental é identificar aos protagonistas: vítima, agresor e espectadores, que todos os alumnos/as saiban que é unha vítima, que é un agresor e que é un espectador.

A maioría dos casos de acoso entre iguais tardan en detectarse porque non ocorren á vista dos adultos e os alumnos/as espectadores non o contan. Se a vítima ten un ou varios compañeiros/a próximos, o titor/a, profesorado ou orientadora poden falar con eles para informarlles e pedirllles que lle acompañen e mostren o seu apoio. Nos primeiros momentos do incidente necesítase o maior acompañamento posible.

- **Familias. Medidas Urxentes**

Informarase de todas as actuacións que o centro educativo adopte. Tentarase tranquilizalos e dicirlles as medidas que vai tomar o centro para que a situación non volva a repetirse nas súas instalacións. Daranse unhas pautas de intervención no fogar. Informarase sobre os servizos de apoio externos ao centro (sociais, sanitarios, xudiciais). Pedirase a súa colaboración para o plan de intervención, resaltando a necesidade de que tanto a familia como o centro deben traballar na mesma dirección.

16. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Aprobación e difusión do Plan de Convivencia no Consello Escolar e posterior incorporación ao PEC. Ademais colgarase na páxina web do centro para que toda a comunidade teña acceso ao documento.

A Comisión de Convivencia realizará o **seguimento** do mesmo, valorará os avances e dificultades do Plan. Ademais realizarase un seguimento na CCPP.

Realizarase unha **avaliación** do plan atendendo aos seguintes criterios:

- Grao de implantación e consecución dos obxectivos.
- Actuacións e grao de participación da comunidade educativa.
- Coordinación e implicación do Plan no centro.
- Formación e asesoramento recibidos e recursos utilizados.
- Valoración dos resultados. Conclusións e propostas de mellora, que serán recollidas no informe anual de análise da convivencia.
- Avaliación do proceso e dos resultados.
- Documentación elaborada.
-

Realizarase unha **revisión Anual do Plan** a comezos de cada curso escolar para engadir as posibles modificacións.

Instrumentos de avaliación

- Cuestionarios, rexistros do cumprimento do establecido e a observación directa.